

**REUNIÓN DA COMISIÓN 1.^a,
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 05.05.2017 Hora: 10:30

A Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 5 de maio de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia en Comisión

- 1.1 8176 (10/CPC-000013)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do director xeral de Administración Local, por petición propia, para informar sobre as liñas de colaboración entre a Administración autonómica e a representación das entidades locais, tratadas no marco da reunión da Comisión Galega de Cooperación Local do pasado 20 de abril de 2017
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 105, do 26.04.2017

Punto 2. Pregunta oral en Comisión

- 2.1 6002 (10/POC-001044)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre o cumprimento na actualidade do plan de modernización establecido no Real decreto 937/2003, do 1 de xullo, de modernización dos arquivos xudiciais, a información do Goberno galego respecto da situación existente nos xulgados da Parda, en Pontevedra, en relación cos labores de expurgación e almacenaxe de documentación escrita e dixital, así como a posibilidade de garantir a seguridade no seu tratamento e os resultados da expurgación que se está a levar a cabo nos xulgados galegos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 80, do 09.03.2017

Punto 3. Proposicións non de lei en Comisión

- 3.1 3695 (10/PNC-000350)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Villares Naveira, Luis
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Ministerio de Xustiza do incremento da planta do Ministerio Fiscal en Galicia, así como á Fiscalía Xeral do Estado da designación dun fiscal anticorrupción exclusivo para a comunidade autónoma
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 53, do 26.01.2017

3.2 7881 (10/PNC-000828)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central respecto do establecemento dun novo modelo de financiamento local, así como da eliminación dos límites establecidos na lexislación vixente en materia de estabilidade orzamentaria para as administracións no referido ao gasto público, endebedamento e contratación de persoal

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 100, do 19.04.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2017

César Manuel Fernández Gil
Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 26/04/2017 18:20:42

**RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 1.^a, INSTITUCIONAL, DE
ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR
POR ORDE ALFABÉTICA**

Mesa

Presidente	
César Manuel Fernández Gil	P
Vicepresidenta	
María Julia Rodríguez Barreira	P
Secretaria	
Patricia Vilán Lorenzo	S

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Jacobo Moreira Ferro	P
María Isabel Novo Fariña	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
José Alberto Pazos Couñago	P
Paula Prado del Río	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Luis Villares Naveira	EM

Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 05.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia en Comisión

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 05.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 8176(10/CPC-000013)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do director xeral de Administración Local, por petición propia, para informar sobre as liñas de colaboración entre a Administración autonómica e a representación das entidades locais, tratadas no marco da reunión da Comisión Galega de Cooperación Local do pasado 20 de abril de 2017

Publicación da iniciativa, 105, 26.04.2017



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

24 ABR. 2017

Núm. 8176

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

24 ABR. 2017

SAIDA

Num. 512

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia ante a comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, e a petición propia, do director xeral de Administración Local –da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza- para informar sobre “as liñas de colaboración, entre a Administración autonómica e a representación das entidades locais, tratadas no marco da reunión da Comisión Galega de Cooperación Local do pasado 20 de abril de 2017”.

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 05.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2. Pregunta oral en Comisión

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 05.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 6002(10/POC-001044)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o cumprimento na actualidade do plan de modernización establecido no Real decreto 937/2003, do 1 de xullo, de modernización dos arquivos xudiciais, a información do Goberno galego respecto da situación existente nos xulgados da Parda, en Pontevedra, en relación cos labores de expurgación e almacenaxe de documentación escrita e dixital, así como a posibilidade de garantir a seguridade no seu tratamento e os resultados da expurgación que se está a levar a cabo nos xulgados galegos

Publicación da iniciativa, 80, 09.03.2017

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Nos xulgados de A Parda (Pontevedra) non hai espazo nin persoal técnico especializado en expurgos para os arquivos e os documentos están espaxados polo chan, almacenados en andeis, en mesas e en sitios de paso:

1. Non hai persoal especializado; nestes momentos, hai só unha persoa (bolseira) encargada dos labores de expurgo en todo o edificio.
2. Nos Xulgados de Primeira Instancia nº 2 e 5, as caixas moran debaixo das mesas dos traballadores e traballadoras e ata se ten habilitado un cuarto aparte para gardar a documentación.
3. E os letrados/letradas da Administración de Xustiza (os/as antigos/antigas secretarios/secretarias) non poden garantir así a seguridade no tratamento dos documentos.

Existe un Plan de modernización recollido no Real decreto 937/2003, do 18 de xullo, de Modernización dos Arquivos Xudiciais, no que se establecen criterios para ordenar os documentos e onde se recolle expresamente a necesidade de locais axeitados para toda a documentación (escrita e dixital). Incluso o vicepresidente da Xunta de Galicia fai gala sempre que pode do expurgo que se está a facer, non só en Pontevedra, senón tamén en toda Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Estase a cumprir o Plan de modernización recollido no Real decreto 937/2003, do 18 de xullo, de modernización dos arquivos xudiciais?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 17:46
Nº Rexistro: 6002
Data envío: 02/03/2017 17:46:58.728



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2. Ten coñecemento o Goberno galego da situación que existe nos Xulgados de A Parda (Pontevedra), con relación os labores de expurgo e almacenaxe de documentación, escrita e dixital?
3. Entende o Goberno galego que esta situación é a óptima?
4. Pensa o Goberno galego que esta situación permite aos/ás letrados/letradas da Administración de Xustiza garantir a seguridade no tratamento dos documentos?
5. Está satisfeito o Goberno galego co expurgo que se está a facer en todos os xulgados de Galicia?
6. Cales son os resultados deste expurgo?

Pazo do Parlamento, 2 de marzo de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 02/03/2017 17:41:42

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 02/03/2017 17:41:48

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/03/2017 17:41:52

Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 05.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

3. Proposicións non de lei en Comisión

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 05.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

3.1 3695(10/PNC-000350)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Villares Naveira, Luis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Ministerio de Xustiza do incremento da planta do Ministerio Fiscal en Galicia, así como á Fiscalía Xeral do Estado da designación dun fiscal anticorrupción exclusivo para a comunidade autónoma

Publicación da iniciativa, 53, 26.01.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, a iniciativa da súa deputada Carmen Santos Queiruga e do seu deputado Luís Villares Naveira, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1.ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A corrupción, segundo o CIS, representa unha das maiores preocupacións para os cidadáns do Estado. Un problema que pola súa gravidade xera unha enorme alarma social. Correspóndenos a todos os poderes públicos traballar para crear as ferramentas que erradiquen este asunto de raíz.

O CIS non é o único organismo que recolle nos seus informes a corrupción como un problema de enorme calado. Segundo datos da ONG Transparencia Internacional, a percepción da corrupción en España non fixo máis que aumentar nos últimos catro anos, un aumento só equiparable con países como Libia, Turquía ou Brasil.

Casos de corrupción como a Pokemon, Conde Roa ou Campeón, poñen de manifesto que Galicia non é inmune a esta lacra. Son moitas as voces que veñen pedindo máis medios para loitar contra un problema que afecta de forma importante a nosa terra.

Cando falamos de corrupción, falamos tamén dun espolio público a todos os galegos e galegas. No 2013, o exalcalde santiagués do Partido Popular, Santiago Gerardo Conde Roa, foi condenado pola fraude fiscal de 291.000 euros na venda



dunha promoción de vivendas. Cartos que non se declararon e que non puideron ser utilizados, por exemplo, para axudas sociais ou para a promoción económica dos autónomos e das pequenas e medianas empresas.

Álvaro García Ortiz, fiscal e presidente da Unión Progresista de Fiscais, consideraba, nunha entrevista radiofónica en abril do 2016, que “é absolutamente incomprendible que non exista unha fiscalía anticorrupción en Galicia”, afirmaba, ademais, que “os fiscais xeneralistas non coñecemos perfectamente os mecanismos de branqueo, de contratación e de inspección fiscal”, para continuar, “se existise unha persoa especializada capaz de facelo, como en calquera organización pública ou nun hospital, un especialista fai moito mellor as cousas que calquera xeneralista. É unha demanda que temos dende fai moitísimo tempo, é absolutamente incomprendible que non se fixera”.

O señor Álvaro García Ortiz non é o único membro da fiscalía galega que se fai eco desta demanda, así o Fiscal Superior de Galicia, Fernando Suanzes, nunha entrevista recollida nun medio de comunicación escrito, consideraba, en decembro do 2016, que “Galicia, polos delitos de corrupción que rexistra, necesita un fiscal especializado”, consideraba que “os delitos relacionados coa corrupción son complexos e necesitan unha investigación precisa e detallada. Tenden a perpetuarse no tempo. Independentemente de canto tarden en instruírse e xulgarse, son delitos que teñen peculiaridades e o mecanismo probatorio non é fácil”

Outras Comunidades Autónomas como Murcia ou Valencia, posúen un fiscal anticorrupción especializado no seu territorio. Dende En Marea, consideramos un agravio que Galicia non conte cun Fiscal anticorrupción propio.

Polo exposto, formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2017 17:22
Nº Rexistro: 3695
Data envío: 18/01/2017 17:22:34.807



1. Instar ao Ministerio de Xustiza a que aumente a planta do Ministerio Fiscal en Galicia.
2. Instar á Fiscalía Xeral do Estado a que designe un fiscal anticorrupción exclusivo para Galicia.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Luís Villares Naveira

Deputada e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 18/01/2017 17:19:22

Luis Villares Naveira na data 18/01/2017 17:19:32

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 05.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

3.2 7881(10/PNC-000828)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central respecto do establecemento dun novo modelo de financiamento local, así como da eliminación dos límites establecidos na lexislación vixente en materia de estabilidade orzamentaria para as administracións no referido ao gasto público, endebedamento e contratación de persoal

Publicación da iniciativa, 100, 19.04.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2017 10:47
Nº Rexistro: 7881
Data envío: 11/04/2017 10:47:09.176

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Federación Galega de Municipios e Provincias vén de presentar o documento “As 100 demandas da FEGAMP”, elaborado pola comisión de Facenda do organismo. Segundo os datos recollidos, nos que se analizan os resultados do reparto da Participación nos Ingresos do Estado (PIE) no período 2004-2015, e no que se calcula o diferencial negativo das contías percibidas a respecto da media estatal cuantificado en euros por habitante, os concellos galegos ingresaron 1.400 millóns de euros menos.

Como exemplo, na última entrega a conta da PIE correspondente ao ano 2015, os municipios de Galiza percibiron o 5% do mantante global malia contar co 6,25% da poboación (das comunidades autónomas de rexime común), discriminación que se leva producindo ano tras ano desde a entrada em vigor do novo modelo de financiamento local.

O actual modelo de financiamento local baséase no criterio de poboación, primando os concellos de mais de 500.000 habitantes e provocando unha discriminación inadmisibel dos concellos galegos, com implicación directa na prestación de servizos básicos á poboación. A primacía que se lle dá ao criterio poboacional ocasiona que Zaragoza reciba 12,6 millóns de euros máis que os sete concellos de Galiza máis



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2017 10:47
Nº Rexistro: 7881
Data envío: 11/04/2017 10:47:09.176

poboados, malia ter 324.983 habitantes menos que as cidades galegas. Situación análoga ocorre com Sevilla (296.058 habitantes menos, recibe 53,1 máis), ou Valencia (203.747 habitantes menos, recibe 87, 3 millóns máis).

Por outra parte, nos últimos 8 anos aprobáronse unha serie de reformas administrativas e políticas, entre elas modificación do artigo 135 da Constitución ou a Lei de racionalización e sostenibilidade da administración local, que supuxeron unha mudanza em sentido negativo do marco competencial e financeiro dos concellos.

A maiores, cómpre desenvolver o pacto local galego para establecer con clarezas as competencias de cada administración, o financiamento dos servizos, así como criterios obxectivos e transparentes no reparto de fondos autonómicos aos concellos, seguindo os criterios de igualdade e non discriminación. Como obxectivo final debería irse cara ao un modelo de transferencias directas con criterios obxectivos de repartición, e coa conseguinte desaparición das subvencións.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a demandar do Estado

1. Un novo modelo de financiamento local que teña en conta, ademais do criterio poboacional, outros factores que condicionan o custo da prestación dos servizos como a dispersión, número de entidades de poboación, a extensión territorial e o envellecemento da poboación.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2017 10:47
Nº Rexistro: 7881
Data envío: 11/04/2017 10:47:09.176

2. A modificación da lexislación en materia de estabilidade orzamentaria que afecta ás administracións, eliminando os ríxidos límites en materia de gasto público, endebedamento e contratación de persoal.”

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 11/04/2017 10:45:12

Noa Presas Bergantiños na data 11/04/2017 10:45:20

María Montserrat Prado Cores na data 11/04/2017 10:45:25

Olalla Rodil Fernández na data 11/04/2017 10:45:28



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2017 10:47
Nº Rexistro: 7881
Data envío: 11/04/2017 10:47:09.176

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/04/2017 10:45:34

Ana Pontón Mondelo na data 11/04/2017 10:45:38